

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 16 de decembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dezaseis de decembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1336).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1327).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR EN PERÍODO LECTIVO NUN HIGH SCHOOL “VIGO EN INGLÉS”. EXPTE. 16073/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 13/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 23/11/16, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa e a concelleira-delegada, ambas de dito Servizo, e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 13 de xuño de 2014, adoptou o acordo de:

- *Declarar a urxencia na tramitación do expediente 16073-332 polas razóns expostas polo Técnico de Educación na memoria xustificativa de 06/05/14 e dilixencia de 06/06/14.*
- *Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés” por procedemento aberto.*
- *Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 06/06/2014 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 06/06/14 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés” por procedemento aberto.*
- *Aprobar o gasto por importe de 1.392.000,00 euros (696.000,00.-€ na anualidade de 2014 e 696.000,00.-€ na anualidade de 2015) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés” por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3210.227.99.17 do programa educativo “Aulas Internacionais”.*

2. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 08 de agosto de 2014, adoptou o acordo de adjudicar a “Newlink Education, S.L” o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLES” (expte. 16073-332) por un prezo total de 1.359.810.-€ (IVE incluído), sendo o prezo unitario por alumno de 2.344,50 euros; de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2014 e a oferta presentada.

Lembremos que tanto no PCAP como na adjudicación inicial se establece un prazo de duración do contrato de dous anos, e dúas posibles prórrogas, a primeira dun ano de duración e a segunda ata o 31 de decembro de 2017. Segundo contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a empresa adjudicataria en data 06 de outubro de 2014, o prazo do contrato é de dous anos contados dende o 07 de outubro de 2014, e polo tanto con vixencia ate o 06 de outubro de 2016.

3. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 23 de decembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

- Aprobar a 1ª revisión de prezos do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés 2014”, para aplicar no periodo de facturación 07 de outubro de 2015 – 06 de outubro de 2016, quedando o importe do contrato actualizado para ese periodo en 682.624,62.-€/ano (679.905,00.-€ X 0,4% = 2.719,62.-€)
- Recoñecer en concepto de atrasos polo periodo comprendido entre o 07 de outubro de 2015 e 06 de outubro de 2016, a cantidade total de 2.719,62.-€ a favor de Newlink Education, S.L.

Dito gasto efectuarase con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”) en concepto de cotas pendentes.

4. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

•Autorizar a 1ª prórroga por un ano do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés” (expte. 16073-332) para o periodo comprendido entre o 07/10/16 e o 06/10/17, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

•Autorizar e comprometer un gasto de 682.624,62.-€ importe actualizado en Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2015, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”) e bolsa de vinculación do vixente orzamento.

Cómpre salientar que a prestación do 2º ano de contrato do programa municipal “Vigo en Inglés 2015” ten desenvolvido a estadia e inmersión lingüística de 416 alumnos en High Schools de integración de Reino Unido e Irlanda ao longo de tres semanas (do 21/09/2015 ao 15/10/2015). Os 416 alumnos/as beneficiarios, divididos en grupos de preto de 25 alumnos/as tiveron ocasión de participar nesta iniciativa municipal de inmersión lingüística en High Schools de integración nas seguintes localidades irlandesas e inglesas: Kanturk, Ballyunion, Listowel, Mallow, Thurles, Bath, Bedford, Huntingdon, Esher, Rotherham, Henley in Arden, Port Talbot, Great Yarmouth, Hoveton, Norwich, Thorpe, Guilford, Broadclyst, Exeter, Wonford e Tiverton. Polo tanto, no 2º ano de contrato esta iniciativa municipal de inmersión lingüística, foi desenvolvida de xeito íntegro e satisfactorio, de conformidade cos parámetros didácticos e pedagóxicos de funcionamento contidos nos pregos de condicións administrativas e técnicas que rexeron o citado contrato.

Fundamentación xurídica:

1º.- A revisión de prezos deste contrato está regulada na cláusula 31ª do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e na cláusula 3J) das Follas das características do contrato (FEC en diante). En ditas cláusulas se recolle que procederá a primeira revisión de prezos do contrato unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a data de formalización do contrato e sempre e cando este se tivese executado alomenos no 20% do seu importe.

Polo tanto, como queira que o contrato iniciouse o 07 de outubro de 2014, tendo previsto rematar o 06 de outubro de 2016, e como no mesmo ten transcurrido o segundo ano de duración (06/10/2015 ate 06/10/2016), cómpre propor a aprobación da 2ª revisión de prezo.

2º.-Fórmula de cálculo: Segundo a cláusula 3J) das FEC, se aplicará o seguinte sistema de revisión:

- Se o incremento do Produto Interior Bruto (PIB) a prezos constantes no ano anterior á revisión é superior ó 1% e inferior ó 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,4%.
- Se o incremento do Produto Interior Bruto (PIB) a prezos constantes no ano anterior á revisión alcanza ou supera o 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,9%.

Tras estas consideracións sobre o asunto obxecto do presente informe, infórmase do seguinte:

Como queira entón que segundo a información contida na páxina web oficial do Instituto Nacional de Estadística (INE), a variación experimentada polo PIB no ano 2015 foi do 3,2%, sendo esta porcentaxe superior ao 2%, en consecuencia o prezo do contrato incrementarase nun 0,9%, que aplicado ao prezo actualizado do contrato 682.624,62.-€, ascende a 6.413,62.-€ que sería o importe de actualización imputable ao exercizo 2016 correspondente á 2ª revisión de prezos.

Para poder afrontar o gasto indicado, detraerase esta obriga económica da partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo "Aulas Internacionais"), xa que ademais de imputarse á mesma o importe do contrato do programa "Vigo en Inglés" conta con saldo suficiente, polo que non afectará ao normal desenvolvemento do Servizo.

Documentación achegada:

No presente expediente figura, entre outras, a seguinte documentación: A totalidade do expediente 16073-332.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe de asistencia xurídica e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

1º.- Aprobar a 2ª revisión de prezos do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School "VIGO EN INGLES 2015", para aplicar no período de facturación 07 de outubro de 2016 – 06 de outubro 2017, quedando o importe do contrato actualizado para ese período en 688.768,24.-€/ano ($682.624,62.-€ \times 0,9\% = 6.143,62.-€$)

2º.- Recoñecer en concepto de atrasos polo período comprendido entre o 07 outubro de 2016 e 06 de outubro de 2017, a cantidade total de 6.143,62.-€ a favor de Newlink Education, S.L

3º.- Dito gasto efectuarase con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.17 (Programa Educativo "Aulas Internacionais") en concepto de cotas pendentes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1338).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA AXUDA FEDER PARA O DESENVOLVEMENTO DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE INTEGRADO (DUSI) DO CONCELLO DE VIGO DENOMINADA “VIGO VERTICAL”. EXPTE. 3702/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 15/12/16, asinado polo xefe do Área de Inversións, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Fomento e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1.- O Boletín Oficial do Estado de data 17 de novembro de 2015, publico a Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de Xaneiro de 2016, acordou, aprobar a solicitude de axuda a favor do Concello de Vigo en relación á Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 e aprobou a memoria que desenvolve as estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada “ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL”.

3.- Con data 12 de xaneiro de 2016, foi rexistrada dixitalmente na Oficina de REXISTRO ELECTRÓNICO AUXILIAR DA SEAP (Ou00006864), con número de Rexistro: Ou00006864e1600070608, a solicitude de axuda a favor do Concello de Vigo en relación á Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020

4.- Con data 3 de outubro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, publica a Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outras se CONCEDE axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00.

De acordo coa Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-

2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, a Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro de 2016, acordou aceptar a axuda de 15.000.000,00 €, outorgada polo Ministerio de Facenda e Administracións públicas por Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro.

5.- Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada "VIGO VERTICAL", por un importe de 15.000.000,00 €.

II.- Condicións de aceptación definitiva da axuda FEDER e compromisos derivados da condición para o Concello de Vigo como entidade beneficiaria de ser designado «Organismo Intermedios do FEDER» unicamente aos efectos da selección de operacións.

De acordo coa Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, procede:

1.- A formalización da designación das Entidades Locais seleccionadas como Organismos Intermedios a efectos de selección de operacións, a cal se realizará mediante un acordo de compromiso en materia de asunción de funcións para a xestión FEDER. Este documento, onde se recollen as funcións que estas Entidades asumen como Organismos Intermedios a efectos de selección de operacións fronte á Autoridade de Xestión do FEDER, foi facilitado por parte do correspondente Organismo Intermedio de Xestión «**S.G. de Cooperación Territorial Europea e Desenvolvemento Urbano**», a quen se deberá remitir cumprimentado asinado polo máximo responsable da Entidade Local.

Anéxase ao presente expediente como ANEXO I, o documento: **ACORDO DE COMPROMISO EN MATERIA DE ASUNCIÓN DE FUNCIÓNS PARA A XESTIÓN FEDER DO «CONCELLO DE VIGO»**

2.- No apartado "segundo" da citada resolución de 12 de decembro indícase que o Concello de Vigo como beneficiario da axuda FEDER outórgaselle a condición de «Organismo Intermedio do FEDER» unicamente aos efectos da selección de operacións e debido a esta condición, deberá elaborar un Manual de Procedementos. Este Manual, no que deberán

documentar todos aqueles aspectos e procesos que lle permitan cumprir coas súas obrigacións deberá ser remitido ao Organismo Intermedio de Xestión do que dependan, no prazo máximo de dous meses a contar desde a publicación desta resolución no «BOE», polas canles e no formato que se establezan.

3.- O apartado “Quinto”, da citada resolución de 12 de decembro indica que *“No prazo de dez días”, a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente Resolución no «Boletín Oficial do Estado», as Entidades beneficiarias deberán comunicar ao órgano que resolveu o procedemento a súa aceptación ou renuncia á axuda outorgada. Dita comunicación formularase exclusivamente por vía electrónica. En ausencia de resposta no devandito prazo, entenderase outorgada a aceptación por parte do beneficiario. A aceptación da axuda implica a aceptación da inclusión da Entidade na lista de beneficiarios publicada de conformidade co artigo 115, apartado 2 do Regulamento (CE) n.º 303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013”.*

III.- PROPOSTA:

En base a todo o exposto, de conformidade co disposto no artigo 126 da LEI 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Decreto de Delegación de Competencias do Alcalde-Presidente de data 19 de xuño de 2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Acordar a aceptación da axuda de 15.000.000,00 €, outorgada ao Concello de Vigo de acordo á Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, aceptando a condición da inclusión da Entidade na lista de beneficiarios publicada de conformidade co artigo 115, apartado 2 do Regulamento (CE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013.

Segundo: Aprobar o **“ACORDO DE COMPROMISO EN MATERIA DE ASUNCIÓN DE FUNCÍONS PARA A XESTIÓN FEDER DO «CONCELLO DE VIGO”**, remitido ao Concello de Vigo por «S.G. de Cooperación Territorial Europea e Desenvolvemento Urbano», na súa condición de Organismo Intermedio de Xestión FEDER, polo cal o Concello de Vigo como beneficiario das axudas FEDER para o desenvolvemento das Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, formaliza a súa designación como Organismo Intermedio a efectos de selección de operacións.

Terceiro: En cumprimento das obrigacións derivadas da Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve

definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, deberase remitir:

a.- Á Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos do Ministerio de Facenda e Función Pública:

O acordo de aceptación da axuda de 15.000.000,00 €, outorgada ao Concello de Vigo en base á Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, aceptando a condición da inclusión da Entidade na lista de beneficiarios publicada de conformidade co artigo 115, apartado 2 do Regulamento (CE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013.

b.- Ao organismo intermedio de xestión designado na resolución de 12 de decembro para o Concello de Vigo. “S.G. de Cooperación Territorial Europea e Desenvolvemento Urbano” do Ministerio de Facenda e Función Pública.

O **“ACORDO DE COMPROMISO EN MATERIA DE ASUNCIÓN DE FUNCÍONS PARA A XESTIÓN FEDER DO «CONCELLO DE VIGO»**, remitido ao Concello de Vigo por «S.G. de Cooperación Territorial Europea e Desenvolvemento Urbano», na súa condición de Organismo Intermedio de Xestión FEDER, polo cal o Concello de Vigo como beneficiario das axudas FEDER para o desenvolvemento das Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, formaliza a súa designación como Organismo Intermedio a efectos de selección de operacións.

Terceiro: Dar conta dos devanditos acordos ao 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández, designado por acordo a Xunta de Goberno Local de data 12 de xaneiro de 2016, como responsable da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada “ESTRATEGIA DUSI VIGO VERTICAL”, aos efectos de desenvolver o Manual de Procedementos no que deberán documentar todos aqueles aspectos e procesos que lle permitan ao Concello de Vigo para cumprir coas súas obrigacións, o cal deberá ser remitido ao Organismo Intermedio de Xestión «S.G. de Cooperación Territorial Europea e Desenvolvemento Urbano», no prazo máximo de dous meses a contar desde a publicación desta resolución no «BOE», polas canles e no formato que se establezan.

Anexo:

**ACORDO DE COMPROMISO
EN MATERIA DE ASUNCIÓN DE FUNCÍONS PARA A XESTIÓN FEDER
DO «CONCELLO DE VIGO»**

O PRESENTE ACORDO DE COMPROMISO subscríbese por «O CONCELLO DE VIGO»,

Considerando o seguinte:

(1) Que o artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, establece que os "organismos subregionales ou locais responsables da aplicación de estratexias urbanas sustentables («autoridades urbanas») serán os encargados das tarefas relacionadas, polo menos, coa selección das operacións", de conformidade co artigo 123 do Regulamento (UE) non 1303/2013.

En liña con este artigo, o apartado undécimo.3 da Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, establece que

“As entidades beneficiarias das operacións a cofinanciar no marco das Estratexias DUSI serán Organismos Intermedios unicamente aos efectos da selección de operacións”

(2) Que de conformidade co artigo 123, apartado 6, do Regulamento (UE) Nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, o Estado membro poderá designar un ou varios organismos intermedios que realicen determinadas tarefas da autoridade de xestión ou a autoridade de certificación, baixo a responsabilidade destas.

Que no mesmo punto normativo establécese que os acordos pertinentes entre a autoridade de xestión ou a autoridade de certificación e os organismos intermedios rexistraranse formalmente por escrito.

Que en cumprimento do artigo 124 do Regulamento (UE) Nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, e do establecido no artigo 10, punto 2, letra c) do Real Decreto 199/2012, de 23 de xaneiro, modificado polo Real Decreto 802/2014, de 19 de setembro, a Subdirección Xeral de Xestión do FEDER, pertencente á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, foi designada Autoridade de Xestión dos programas operativos previstos no apartado 1.6 do Acordo de Asociación de España 2014-2020, cofinanciados polo FEDER, entre os que se conta o Programa Operativo de Crecemento Sustentable FEDER 2014-2020 (en diante ?o Programa Operativo?).

(3) Que en virtude do punto primeiro da resolución DEFINITIVA de «**12 de decembro de 2016, publicada no BOE nº 301 de 14 de decembro de 2016**», pola que se conceden axudas da primeira convocatoria de selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano

Sustentable e Integrado (DUSI) que serán cofinanciadas a través do o Programa Operativo de Crecemento Sustentable FEDER 2014-2020, «**o CONCELLO DE VIGO**» ten a condición de entidade beneficiaria, correspondéndolle a «**S.G. de Cooperación Territorial Europea e Desenvolvemento Urbano**» como Organismo Intermedio de Xestión (OIG en diante), e que foi designado como Organismo Intermedio do FEDER para a selección de operacións polo punto segundo da devandita resolución.

Por todo o anterior «**o CONCELLO DE VIGO**» (en diante, Entidade Local DUSI) comprométese a asumir como Organismo Intermedio as seguintes funcións ante a Autoridade de Xestión do FEDER:

Organización interna

1. A Entidade Local DUSI elaborará un Manual de Procedementos ou documento equivalente no que se describan e documenten adecuadamente os procesos e procedementos, así como os aspectos da súa organización interna, asignación de funcións e coordinación das mesmas, que lle permitan cumprir con todas as súas obrigacións como Organismo Intermedio.

En particular, o Manual identificará unha unidade ou departamento da Entidade Local DUSI que exercerá as funcións propias do Organismo Intermedio e que deberá estar claramente separada das unidades, departamentos ou outras entidades públicas responsables de iniciar ou de iniciar e executar as operacións (en diante, unidades executoras).

2. A Entidade Local DUSI remitirá devandito Manual de Procedementos ao OIG correspondente, a través dos mecanismos que este estableza, no momento da súa elaboración e en canto prodúzanse modificacións no mesmo.

O OIG comunicará á Entidade Local DUSI a súa conformidade co Manual de procedementos ou a súa versión revisada e remitirao á Autoridade de Xestión.

Selección e posta en marcha de operacións

1. A Entidade Local DUSI seleccionará as operacións para o seu financiamento garantindo que se cumpren os requisitos do artigo 125.3 do Regulamento (UE) 1303/2013, que é acorde cos criterios relevantes¹ e cos Criterios e Procedementos de Selección de Operacións aprobados polo Comité de Seguimento do Programa Operativo.

A efectos da selección de operacións, a Entidade Local DUSI asegurase de que se entrega ás unidades executoras, e no seu caso aos beneficiarios, un documento que como mínimo:

- a. estableza as condicións da axuda para cada operación,
- b. indique os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que han de obterse con ela,
- c. incorpore o plan financeiro,

1 O Acordo de Asociación, a Declaración Ambiental Estratéxica, a correspondente Memoria ambiental e o resto de normativa aplicable

- d. inclúa o calendario de execución,
- e. indique, no seu caso, o método que debe aplicarse para determinar os custos da operación e as condicións para o pago da axuda,
- f. estableza as condicións detalladas para o intercambio electrónico de datos.

Así mesmo, antes de tomar a decisión pola que se selecciona a operación, a Entidade Local DUSI se cerciorará de que a unidade executora ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións enumeradas con anterioridade.

A Entidade Local DUSI proporcionará ás unidades executoras as orientacións adecuadas para a execución e posta en marcha dos procedementos necesarios para o bo uso dos Fondos, incluíndo o referente á aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas.

A Entidade Local DUSI transmitirá ás unidades executoras cantas instrucións recíbanse da Autoridade de Xestión, directamente ou a través do OIG, na medida en que lles afecten, adaptando no seu caso ditas instrucións ás características das devanditas unidades.

A Entidade Local DUSI establecerá os mecanismos tanto preventivos como de supervisión que aseguren que as funcións recollidas nos puntos anteriores deste artigo realízanse adecuadamente.

Ao amparo do establecido no art. 7.5 do Regulamento (UE) nº 1301/2013, a Autoridade de Xestión, a través do OI de Xestión, efectuará unha comprobación final da admisibilidade das operacións antes da súa aprobación.

2. Sen prexuízo do beneficiario da operación nos termos do artigo 2 do Regulamento (UE) 1303/2013, a Entidade Local DUSI ostentará a condición de entidade beneficiaria da axuda FEDER asignada na convocatoria para a Selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, o que implica que esta asume fronte ao seu respectivo Organismo Intermedio de Xestión, a totalidade de dereitos e obrigacións inherentes a tal condición, nos termos que constan na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

3.

Cumprimento da normativa de aplicación

A Entidade Local DUSI garantirá, durante todo o período de execución do Programa Operativo, que as operacións seleccionadas respectan as normas comunitarias, nacionais e rexionais (no seu caso) aplicables¹.

Aplicación de medidas antifraude

1. A Entidade Local DUSI aplicará un sistema de autoevaluación do risco de fraude do que informará ao OIG e que estará na liña do establecido no documento de Descrición de Funcións e Procedementos do OIG.

¹ De conformidade co artigo 125 del Reglamento (UE) 1303/2013.

O OIG comunicará á Entidade Local DUSI a súa conformidade co sistema de autoevaluación do risco de fraude e remitirá a información correspondente á Autoridade de Xestión.

2. A Entidade Local DUSI deberá informar regularmente ao OIG das avaliacións efectuadas e, no seu caso, das medidas adoptadas.

A Entidade Local DUSI aceptará a extensión e aplicación ao seu ámbito das autoevaluacións que realice a Autoridade de Xestión ou o OIG en materia de avaliación do risco de fraude e de prevención, detección, corrección e persecución do mesmo, e incorporará á súa operativa as actuacións que procedan en función do nivel de risco que se asigne ás súas operacións.

A Entidade Local DUSI asegurará, durante todo o período de execución do Programa Operativo, a correspondente aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas.

Contribución ao Comité de Seguimento do Programa Operativo

A Entidade Local DUSI contribuirá ao seguimento do Programa Operativo, nomeando un representante para o Grupo de Traballo Urbano do Comité de Seguimento do Programa Operativo.

Contribución á avaliación do Programa Operativo

A Entidade Local DUSI contribuirá á avaliación do Programa Operativo para permitir ao OIG cumprir coas esixencias do artigo 114 do Regulamento (UE) 1303/2013, de acordo coas instrucións que o OIG remítalle.

Disponibilidade da documentación de face a pista de auditoría

1. A Entidade Local DUSI garantirá que se dispón de toda a documentación necesaria para contar cunha pista de auditoría apropiada en relación co exercicio das súas funcións como Organismo Intermedio, incluídas as referidas a medidas antifraude. Deberán quedar rexistrados na aplicación informática do OIG e da Autoridade de Xestión, os organismos que custodian e os lugares de arquivo da documentación.

2. A Entidade Local DUSI asegurase do cumprimento das regras de certificación da conformidade co documento orixinal dos documentos conservados en soportes de datos xeralmente aceptados, tal como establécese no artigo 140 do Regulamento (UE) 1303/2013, garantindo que as versións conservadas cumpren os requisitos legais nacionais e son fiables a efectos de auditoría.

3. A Entidade Local DUSI establecerá procedementos que garantan que todos os documentos justificativos relacionados co exercicio das súas funcións, póñanse a disposición do OIG, das autoridades do Programa Operativo, da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, se así o solicitan, de acordo co establecido no artigo 140 do Regulamento (UE) 1303/2013 e segundo as instrucións recibidas do OIG e da Autoridade de Xestión.

Contribución aos informes de execución anual e final

A Entidade Local DUSI contribuirá á elaboración dos Informes de execución Anual e Final a través do OIG¹, de acordo aos formatos e prazos que este estableza.

Subministración de información ao sistema informático Fondos 2020

1. A Entidade Local DUSI remitirá a través de Fondos 2020 toda a información que lle sexa solicitada pola Autoridade de Xestión, directamente ou a través do OIG, nos formatos que aquela determine.
2. A Entidade Local DUSI asegurará o envío da información a través dunha conexión segura con Fondos 2020.
3. Os datos fornecidos pola Entidade Local DUSI ao sistema Fondos 2020 nos que se requira unha firma electrónica da persoa autorizada realizarase a través do sistema de firma electrónica que para tal fin estableceu a Autoridade de Xestión.

Remisión de copias electrónicas auténticas

A Entidade Local DUSI remitirá, a demanda das distintas Autoridades do FEDER ou do OIG, documentos en forma de copias electrónicas auténticas a través do Sistema de Interconexión de Rexistros ou do medio alternativo que acorde co OIG.

Sistema de contabilización separada

A Entidade Local DUSI contará cun sistema de contabilidade separada para todas as transaccións relacionadas coas operacións obxecto de cofinanciación ou ben contará cunha codificación contable adecuada que permita identificar claramente ditas transaccións, debendo distinguir as partidas orzamentarias da contabilidade nacional e comunitaria. Todo iso, sen prexuízo das normas de contabilidade nacional.

Así mesmo, asegurárase de que as unidades executoras que contén cun sistema de contabilidade independente e, no seu caso, os beneficiarios, contan cun sistema equivalente de contabilidade separada ou de codificación contable diferenciada.

Subvencionabilidade do gasto

A Entidade Local DUSI respectará, á hora de seleccionar e executar as operacións obxecto de cofinanciación, as normas sobre subvencionabilidade do gasto que se establezan polo Ministerio de Facenda e Función Pública aplicables ao Programa Operativo en cumprimento do artigo 65.1 do Regulamento (UE) Nº 1303/2013.

Comunicación dos incumprimentos predicibles

A Entidade Local DUSI comunicará ao OIG, axiña que como sexa posible, calquera feito ou circunstancia que lle poida impedir desenvolver de maneira adecuada todas ou algunhas das obrigacións contempladas no presente Acordo.

1 De conformidade co artigo 125 del Reglamento (UE) 1303/2013.

Aplicabilidade da normativa comunitaria ao Organismo Intermedio

Todas aquelas disposicións dos Regulamentos (UE) 1301/2013 e 1303/2013, así como dos Regulamentos de Execución e Delegados que os desenvolven, que sexan relativas ás funcións que ante a Autoridade de Xestión foron asumidas pola Entidade Local DUSI por medio do presente Acordo, aplicaranse a esta última.

Seguimento das directrices dadas pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios

Con obxecto de garantir o bo uso dos fondos comunitarios, a Entidade Local DUSI terá en conta en todo momento as instrucións emitidas pola Autoridade de Xestión contidas no documento “Directrices aos Organismos Intermedios para a xestión e o control das actuacións cofinanciadas polo FEDER 2014-2020 en España” e que se refiran ás funcións asumidas, así como as demais instrucións que lle sexan remitidas pola Autoridade de Xestión, a Autoridade de Certificación e a Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e o resto das Unidades que a compoñen, ao longo do proceso de execución do Programa Operativo.

Así mesmo, e con idéntico obxectivo, a Entidade Local DUSI poderá formular á Autoridade de Xestión, ben directamente ou, preferentemente, a través do OIG, as consultas, comunicacións ou solicitudes de aclaración que sexan necesarias para o correcto desempeño das funcións asumidas mediante o presente Acordo.

Suspensión das funcións

As funcións recollidas no presente Acordo de Compromiso quedarán suspendidas polos seguintes motivos:

- Non contar cun Manual de Procedementos validado polo OIG.
- Non dispor dunha avaliación de riscos validada polo OIG.
- Por resolución firme do Director Xeral de Fondos Comunitarios, tras audiencia ao interesado, motivada por incumprimento parcial ou total das funcións asumidas.

En todos os casos, asinarase por ambas as partes un acordo no que se determinará tanto a data do cesamento das funcións asumidas, como o prazo durante o cal se ten a obrigaición de conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos subvencionados.

Revogación do presente compromiso

O presente Acordo de Compromiso deixará de ter efectos polos seguintes motivos:

- Por mutuo acordo.
- Por renuncia da Entidade Local DUSI á axuda asignada, comunicando por escrito ao OIG a data do final do exercicio das funcións comprometidas con polo menos seis meses de antelación.
- Por resolución firme do Director Xeral de Fondos Comunitarios, tras audiencia ao interesado, motivada por incumprimento parcial ou total das funcións asumidas.

En todos os casos, asinarase por ambas as partes un acordo no que se determinará tanto a data do cesamento das funcións asumidas, como o prazo durante o cal se ten a obrigaición de conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos subvencionados.

Efectos e duración do presente Acordo de Compromiso

O presente Acordo estará vixente desde a súa firma até o peche do Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, e con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2014, nos termos en que esta retroactividade aplícase ao devandito programa operativo segundo o Regulamento (UE) N° 1303/2013.

4(1339).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS. EXPTE. 4623/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 14/12/16, dáse conta do informe-proposta de data 16/12/16, asinado pola técnico de Xuventude, o secretario de Admón. Municipal e a concelleira delegada de Xuventude, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 3 de xuño de 2016 adoptou o seguinte acordo: Aprobar a Convocatoria específica para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellaría de Xuventude. Concello de Vigo. 2016, cun orzamento de 7.000€ (sete mil euros).

A convocatoria foi publicada en diferentes medios da prensa local así como na sección de información municipal, na web do Concello(vigo.org) e na web de xuventude(xuventudevigo.org). A publicación do extracto da convocatoria no BOP foi realizada o día 21 de xuño de 2016. Non obstante e debido a un erro na citada publicación, as bases e anexos completos non foron publicados, sendo este requisito legal especificado así nas propias bases.

En consecuencia e co obxecto de corrixir dita carencia, remitíronse de novo as bases, anexos e convocatoria ao BOP e publicáronse completas no BOP do 28 de outubro de 2016 (axuntamos publicación no BOP). O prazo de esta segunda convocatoria rematou o pasado 27 de novembro.

Deste xeito, este informe proposta a a valoración técnica, realízase sobre as solicitudes presentadas na 1ª convocatoria e na 2ª convocatoria, tendo en conta que nesta 2ª presentou solicitude de subvención unha entidade (Asociación juvenil Xuntanza Xuvenil de Vigo).

Por todo elo e unha vez rematado o prazo de admisión, presentaron solicitude de subvención as seguintes entidades que se relacionan:

- 1.- ASOCIACIÓN XUVENIL XENTENOVA
- 2.- GRUPO INFORMAL NOELIA CID LÓPEZ//PLAY LIFE GALICIA
- 3.- ASOCIACION XUVENIL DO CSCR DE BEADE
- 4.- ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL ARCADIA
- 5.- ASOCIACIÓN XUVENIL E CULTURAL ESBOZOS
- 6.-ASOCIACIÓN XUVENIL DE XOGOS DE ROL, CARTAS E ESTRATEXIA CANCERBE-RO
- 7.- ASOCIACIÓN BENÉFICA BEIRAMAR DE VIGO
- 8.- ASOCIACIÓN ACHEGA

9.- ASOCIACIÓN XUVENIL XUNTANZA XUVENIL DE VIGO

Analizadas pola Comisión de Valoración as solicitudes presentadas e logo de comprobar que reúnen os requisitos establecidos na base quinta apartado 2, así como a correcta presentación e a correspondente documentación aportada, establecida na base décimo primeira das bases de convocatoria ; quedaron excluídas polos motivos especificados as seguintes entidades:

1.-Asociación xuvenil de xogos de rol, cartas e estratexia Cancerbero, por non aportar a documentación requirida na base décimo primeira apdos b, f,h,i,l das bases xerais da Convocatoria.

2.-Asociación Beiramar de Vigo, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b, das bases xerais da Convocatoria.

O resto das solicitudes, analizadas pola Comisión de Valoración, cumpren as condicións requiridas nas bases da convocatoria ao respecto dos requisitos e documentación a aportar coa solicitude e proxecto presentados.

E, polo tanto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º- Excluír da lista de admitidos ás seguintes solicitudes polos motivos referidos a continuación:

1.-Asociación xuvenil de xogos de rol, cartas e estratexia Cancerbero, por non aportar a documentación requirida na base décimo primeira apdos b, f,h,i,l das bases xerais da Convocatoria.

2.-Asociación Beiramar de Vigo, por non reunir os requisitos establecidos na base quinta, apdo b, das bases xerais da Convocatoria.

2º- Conceder unha subvención para as seguintes entidades que a continuación se relacionan coa ponderación correspondente, agás no caso da entidade (Asociación cultural xuvenil Arcadia) que lle correspondía por baremo unha cantidade de subvención superior á solicitada na súa proposta pero decidiuse, na Comisión de valoración do 2 de setembro pasado, outorgarlle o máximo da cantidade solicitada a subvencionar.

(As valoracións completas realizadas pola Comisión de Valoración pódense consultar no presente expediente no informe de valoración de subvencións que acompaña a Acta da comisión)

ASOCIACIÓN/GRUPO	Puntos	Subvención
ASOCIACIÓN XUVENIL XENTENOVA CIF: G 36636538 Subvención solicitada: 2000€ Proxecto: EIXO	7,70	1012,203€
GRUPO DE NOELIA CID LÓPEZ NIF: 45141642W Subvención solicitada: 1612€	7,53	989,856€

Proxecto: PLAY LIFE GALICIA		
ASOCIACIÓN XUVENIL DO CSCR DE BEADE CIF: G36851806 Subvención solicitada: 1600€ Proxecto: DIVERSIÓN EN ACTIVO	6,61	868,917€
ASOCIACIÓN CULTURAL XUVENIL ARCADIA CIF: G 27750991 Subvención solicitada: 800€ Proxecto:IV Wargame Arcadia	8,17	800€
ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL ESBOZOS CIF: G27755065 Subvención solicitada: 1612,75€ Proxecto: Actividades 2016 da Asociación Esbozos	7,93	1042,438€
ASOCIACIÓN ACHEGA CIF: G94101284 Subvención solicitada: 6566,9€ Proxecto: Xuventude sen barreiras	7,74	1017,461€
ASOCIACIÓN XUVENIL XUNTANZA XUVENIL DE VIGO CIF: G367449951 Subvención solicitada: 2000€ Proxecto: Campamento creativo estival	7,57	995,114€

TOTAL PUNTOS de todas as entidades.....53,25 puntos

COEFICIENTE.....(53,25puntos/7000€).....131,455 valor/1 punto

TOTAL EUROS A SUBVENCIONAR.....6725,989€

Total que resta.....274,011€”

Non obstante a Xunta de goberno Local adoptará o acordo que estime máis convinte.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.